

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 28 de febreiro de 2018

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 28/02/2018.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 28/02/2018.
- III. Proposta de límite de prazas
 - Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- IV. Documentación relativa á PDA da EE de Minas e Enerxía
 - Informe de PDA para o Grao en Enxeñaría da Enerxía 2018-19
 - Informe de PDA para o Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos 2018-19
 - Escrito do Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio
 - Escrito do Departamento de Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente
 - Lista priorizada de departamentos para á PDA do curso 2018-19
 - Informe de PDA para o Mestrado en Enxeñaría de Minas 2018-19
 - Informe de PDA para o Mestrado en Xeoinformática 2018-19 e reparto da bolsa de horas da UVigo
- V. Memoria económica
 - Memoria económica e liquidación de presuposto do 2017
 - Orzamento para 2018
- VI. Proposta de regulamento de TFG
- VII. Documentación relativa ao Plan de Calidade da EE de Minas e Enerxía
 - R01-DE03P1 Informe de revisión pola dirección
 - Informe de coordinación do Mestrado en Enxeñaría de Minas relativo ao curso 2016-17
 - R2-PE02P1 Informe de responsables académicos

Ábrese a sesión ás 13 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Natalia Caparrini Marín, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 13 de decembro de 2017.**

Envíouse por correo electrónico, xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola.

Unha vez aprobada será publicada na web do centro, na sección de Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 13 de decembro de 2017.

2. Informe da Directora

A Directora informa:

- Solicitouse á Vicerreitoría de Economía e Planificación unha axuda para o financiamento das vitrinas para a exposición de minerais doada por Povisa. Dita solicitude foi xa aprobada e agora estase en proceso de concurso público para a súa adxudicación.
- Creáronse dúas listas de distribución da UVigo: eme.alumnado@listas.uvigo.es e eme.egresados@listas.uvigo.es. A estas listas enviarase información sobre ofertas de emprego, cursos, conferencias, actividades... Calquera interesado en darse de alta pode facelo desde: <https://listas.uvigo.es>.
- Preparáronse dúas versións do vídeo promocional da Escola. Ambas están dispoñibles na Web da emE e no canle de youtube: <https://www.youtube.com/channel/uc0-4jP2KBPwuMBBuSbBP5hg>
- Plan de Internacionalización: Durante o curso 2017-2018 impartíuse docencia en inglés nas seguintes materias:

Código	Contido	Nº ALUMNOS en inglés
G290601	Recursos, instalacións e centrais hidráulicas	5
G290801	Proxectos	24
G290608	Motores e turbomáquinas térmicas	8
G310701	SIX e ordenación do territorio	5

Continuando co plan de internacionalización previsto, para o curso 2018-2019 está previsto que as seguintes materias oferten grupos en inglés:

- Xeomática
 - Mecánica de Fluídos
 - Xestión da Enerxía Eléctrica
 - Electrotecnia
- Estase traballando para publicar en breve a web en inglés. Xa está funcionando en castelán e en galego.
 - Púxose en marcha o programa antiplaxio *Turnitin*. Na escola déronse licencias de uso aos membros do equipo directivo e aos coordinadores de títulos. Está previsto que mais profesores poidan dispor de licencias. Así mesmo, o 19 de xaneiro realizouse un taller formativo sobre o uso deste software.

- Na Comisión Permanente do 31 de xaneiro aprobáronse 20 saídas de campo para o segundo cuadrimestre. Solicítase aos profesores que realicen fotografías e/ou vídeos e os envíen ao Negociado de Asuntos Xerais.
- Continuado coa programación de saídas de campo para os alumnos da emE, o 2 de febreiro realizouse unha saída a Sogama con alumnos de 1º e 2º dos graos. Asistiron 27 alumnos.
- O 7 de febreiro finalizou o prazo de planificación individual por parte do profesorado das Enquisas de Avaliación Docente.
- O 7 de febreiro a Escola acolleu a 90 alumnos e alumnas de Secundaria e Bacharelato da provincia de Pontevedra que participaron na Fase Territorial da Olimpíada de Xeoloxía.
- O 13 de febreiro a Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado publicou os resultados da valoración anual, obrigatoria, do programa Docencia. Os resultados obtidos por titulación amósanse na seguinte táboa:

	Nº Profesorado	Nº Avaliado	% Avaliado	Moi favorable	Favorable	Suficiente	Desfavorable
Grao EE	65	51	78.5%	8	34	3	6
Grao ERME	28	19	67.9%	3	14	1	1
Mestrado Enx Minas	28	27	96.4%	3	23	1	0
Mestrado Xeoinformática	11	8	72.7%	1	5	0	2

- O 15 de febreiro enviouse a documentación relativa á elección de membros do Claustro Universitario e de reitor/a. Publicáronse os censos provisionais e abriuse un prazo de reclamacións que finalizaba o 22 de febreiro. O día 1 de marzo está previsto a publicación dos censos definitivos.
- O 15 de febreiro finalizou o prazo de inscrición no “*I Premio de Restauración Sustentable de Espazos Mineiros*”. Pódese consultar toda a información en:

<http://minasyenergia.uvigo.es/es/escuela/difusion/concurso-de-restauración>
- O mércores 21 de febreiro tivo lugar a conferencia titulada “*Sismicidad inducida y aplicaciones al riesgo sísmico*”. Foi impartida por Rodrigo Estay da Universidad de Chile.
- O venres 23 de febreiro, celebrouse o “*Curso Básico de Ciencia y Tecnología Nuclear*” impartido por Jóvenes Nucleares (JJNN) e a comisión da Sociedad Nuclear Española (SNE).

- O xoves 1 de marzo terá lugar a conferencia titulada "*África y los Minerales de Sangre*", impartida por Chema Caballero, escritor, cooperante e asesor de diversas ONGs.
- Do 1 ao 4 de marzo terá lugar a Feira de Minerais de Santiago de Compostela. A escola participará coa Exposición "*Recursos Naturais de Galicia*" e cun taller de identificación de minerais.
- Do 7 ao 9 de marzo celébrase no vestíbulo da escola o "*Foro Tecnolóxico de Empleo*" con participación de numerosas empresas. É un evento organizado por estudantes de Telecomunicacións, Minas e Enerxía e Industriais. A escola participa cunha caseta ao que asistirán diversas asociacións vinculada coa escola.
- Do 12 ao 16 de marzo celébranse na Escola de Enxeñaría Industrial as conferencias JAI2018 (Xornadas de Automatización Industrial). O coordinador convidou a profesores e alumnos a colaborar e/ou asistir gratuitamente.
- O 12 e 13 de marzo celébranse as "*Xornadas para a transformación dixital da industria 4.0*" organizadas por CEAGA coa colaboración das tres escolas de enxeñaría. Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións e Escola de Enxeñaría Industrial. A emE participa cun relatorio.
- Do 12 ao 16 de marzo, no vestíbulo da escola e vinculado ás xornadas de CEAGA, estarán expostos 25 proxectos de emprendemento en Automoción.
- Do 22 ao 24 de marzo celébrase en Silleda a II Feira da Enerxía. A escola participa cun stand e cunha xornada técnica.
- Instalouse un servizo de destrución documental certificado na zoa de despachos formado por varios colectores para destrución e reciclaxe de documentación en papel, cartafolios, portafolios, CDs, DVDs, etc... A empresa encargada garante total confidencialidade e seguridade no proceso.
- Iniciouse unha campaña para dar de baixa e recoller equipos informáticos obsoletos situados nas instalacións da escola. Pódese recoller un formulario de solicitude en conserxería. O servizo informáticos aprobarán a solicitude e a OMA recollerá os equipo. Ábrese un prazo ata o 15 de marzo.

3. Aprobación, se procede, de responsables da coordinación para o curso 2018-2019.

Propónse nomear os seguintes responsables da coordinación para o curso 2018-2019:

GRAO EE	David Patiño Vilas
GRAO ERME	María Araújo Fernández
MESTRADO UEM	Elena Alonso Prieto
MESTRADO UX	Pedro Arias Sánchez
1º CURSO GRAOS	Elena González Rodríguez
2º CURSO GRAOS	Eduardo Giráldez Pérez
3º E 4º CURSO EE	Pablo Eguía Oller
3º E 4º CURSO ERME	Fernando García Bastante
PRÁCTICAS EXTERNAS GRAOS E MUEM	Javier Taboada Castro
1º E 2º CURSO MUEM	Teresa Rivas Brea
CALIDADE MUEM	María Araújo Fernández
PAT	Itziar Goicoechea Castaño
DIFUSIÓN	José Santiago Pozo Antonio
CALIDADE	Ángeles Saavedra González
IGUALDADE	Teresa Rivas Brea
CNL	Carmen Pérez Pérez
PIUNE	Ángeles Saavedra González

A Dirección agradece a colaboración dos profesores D. Higinio González Jorge e Da. Marta Cabeza Simó coa xestión da Escola nas labores de coordinación.

A Xunta de Escola aproba por asentimento os responsables da coordinación para o curso 2018-2019.

4. Nomeamento das novas Comisións de Avaliación por Compensación para o curso 2017/2018 e 2018/2019.

Segundo a Resolución Reitoral do 9 de febreiro de 2018 pola que se aproba o procedemento transitorio para a avaliación por compensación en estudos de Grao, a elección ou designación da comisión de compensación realizarase ao comezo do ano académico e renovarase anualmente. Atendendo a isto, a directora propón pospoñer o nomeamento e continuar coa comisión actual para proceder á súa renovación a principios do próximo curso 2018/2019.

A Xunta de Escola aproba por asentimento pospoñer a renovación das novas Comisións de Avaliación por Compensación.

5. Aprobación, se procede, do límite de prazas para primeiro curso dos graos impartidos nesta escola, así como do límite de prazas por traslado para o acceso a ditos graos para o curso académico 2018-2019.

Envíouse por correo electrónico a documentación (Anexo III) previamente á celebración desta Xunta de Escola. A proposta presentada pola dirección é a mesma para os dous graos e contén os mesmos criterios de selección de alumnado que o curso pasado. A única novidade que se presenta é a de destinar unha cota para os estudantes estranxeiros.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o límite de prazas para primeiro curso dos graos impartidos nesta escola, así como do límite de prazas por traslado para o acceso a ditos graos para o curso académico 2018-2019.

6. Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente.

A bolsa de horas de recoñecementos docentes para o curso 2018-2019 é de 191 horas, polo que presenta unha redución de 50 horas con respecto ao curso actual por descenso de volume de alumnado. A proposta da dirección para a asignación da bolsa de horas é a seguinte:

Distribución Bolsa EEME

NOME DO PROFESOR/A	Nº HORAS	NOME DO RECOÑECIMENTO
David Patiño Vilas	40	Coordinación Grao
María Araújo Fernández	45	Coordinación Grao
Pablo Eguía Oller	10	Organización Docente
Fernando García Bastante	10	Organización Docente
Elena González Rodríguez	10	Organización Docente
Eduardo Giráldez Pérez	10	Organización Docente
Ángeles Saavedra González	20	Apoio á Calidade
María Araújo Fernández	15	Apoio á Calidade
Itziar Goicoechea Castaño	16	Apoio á Calidade
Javier Taboada Castro	15	Apoio Programas de Prácticas

No caso en que o profesor D. Eduardo Giráldez Pérez, debido ao seu contrato, non poida gozar da súa bolsa de horas asignada esta será redistribuída entre o resto dos profesores incluídos na táboa anterior.

A Dirección agradece ao profesor D. José Santiago Pozo Antonio a súa disposición a colaborar nas tarefas de difusión aínda que non se lle podan asignar desgravacións docentes.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente.

7. Aprobación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2018-2019.

A documentación relativa a este punto enviouse por correo electrónico (Anexo IV) previamente á celebración desta Xunta de Escola.

Segundo os criterios de elaboración da programación docente anual (PDA), calquera departamento pode solicitar a adscrición de materias tras xustificalo debidamente. Na emE recibíronse dous escritos (Anexo IV) solicitando a adscrición da materia de Xeoloxía de primeiro dos graos. Os departamentos solicitantes son Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio e Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente.

A dirección propón unha lista priorizada de departamentos para á PDA (Anexo IV) na que figura en primeira posición o departamento de Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente e en segundo lugar o departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio na adscrición de Xeoloxía.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a lista priorizada de departamentos para á PDA.

Por outra banda, a PDA que se propón para os graos de EE e ERME contén os seguintes cambios con respecto ao presente curso:

- En primeiro dos graos o número de grupos C baixa a 6.
- O número de grupos A e B nas materias que se imparten en inglés axustouse para que sexa posible a súa oferta.

En negociacións coa Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado coméntasenos a non viabilidade da intensificación en enxeñaría dos materiais do grao de ERME debido ao baixo número de estudantes matriculados. Tras a negociación chégase ao compromiso de ofertar a intensificación completa para que os novos alumnos poidan matricularse, condicionado a que nos seguintes dous cursos, 2019-20 e 2020-21, só se continuaría con exames sen docencia no caso de non haber novos alumnos. Isto é, a Vicerreitoría solicita o compromiso do centro para ofertar docencia presencial para o curso 2018-19, pero non a garante para os seguintes cursos.

A profesora Da. Carmen Pérez Pérez expón que a razón do baixo número de alumnos matriculados na intensificación en enxeñaría dos materiais pode ser a oferta de tres intensificacións cando o grao en ERME ten tan poucos alumnos e afirma que quere deixar constancia do seu voto particular en contra do compromiso coa Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2018-2019, co voto particular indicado anteriormente con respecto ao compromiso coa Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado.

8. Ratificación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, para o curso académico 2018-2019.

A PDA do Mestrado Universitario en Enxeñaría de Minas (Anexo IV) foi aprobada pola Comisión Académica do Mestrado e coordinada pola profesora Da. Elena Alonso Prieto. A dirección propón que a aprobación de calquera modificación puntual que poida xurdir sexa delegada na CAM.

A Xunta de Escola ratifica o encargo de docencia (PDA) do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, para o curso académico 2018-2019.

9. Ratificación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Máster en Xeoinformática, para o curso académico 2018-2019.

A PDA do Mestrado Universitario en Xeoinformática (Anexo IV) foi aprobada pola Comisión Académica do Mestrado e coordinada polo profesor D. Higinio González Jorge. Novamente, a dirección propón que a aprobación de calquera modificación puntual que poida xurdir sexa delegada na CAM.

Ase mesmo a CAM, na súa reunión celebrada o 19 de febreiro de 2018, acordou o cambio de coordinador do mestrado sendo agora o profesor D. Pedro Arias Sánchez o encargado das labores de coordinación.

A Xunta de Escola ratifica o encargo de docencia (PDA) do Máster en Xeoinformática, para o curso académico 2018-2019, así como o cambio de na coordinación do mesmo.

10. Aprobación, se procede, da memoria económica e liquidación do orzamento do exercicio 2017.

A memoria económica e liquidación do orzamento (Anexo V) foron coordinados polo subdirector D. David Patiño Vilas coa axuda da administradora do centro Da. Ana María Cacheiro Seguí.

Continuando co que se viña facendo ata agora, a memoria económica do 2017 poderase consultar na web do centro: <http://minasyenergia.uvigo.es/es/>

A Xunta de Escola aproba por asentimento a memoria económica e liquidación do orzamento do exercicio 2017.

11. Aprobación, se procede, do orzamento da Escola para o exercicio 2018.

O orzamento (Anexo V) foi coordinado polo subdirector D. David Patiño Vilas coa axuda da administradora do centro Da. Ana María Cacheiro Seguí.

O orzamento e as execucións trimestrais poderanse consultar na web do centro: <http://minasyenergia.uvigo.es/es/>

A Xunta de Escola aproba por asentimento o orzamento da Escola para o exercicio 2018.

12. Aprobación, se procede, do procedemento para a tramitación da sinatura das actas das materias correspondentes ás titulacións impartidas no centro.

A dirección propón que as actas sexan asinadas e pechadas soamente polo/a coordinador/a da materia, aínda que todo o profesorado asignado terá acceso a elas e poderá poñer notas. Esta proposta ten como finalidade axilizar o peche e entrega das actas dentro dos prazos establecidos.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o procedemento para a tramitación da sinatura das actas das materias correspondentes ás titulacións impartidas no centro.

13. Ratificación, se procede, dos informes sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios de docencia.

Presentáronse dúas solicitudes de informe sobre a actividade docente:

- Don Gustavo Peláez Lourido, para o período do 01-10-2012 ao 30-09-2017
- Don Paulino Alegre Fidalgo, para o período 29-01-1993 ao 30-09-1993

Non é posible emitir un informe relativo ao ano 1993 porque non existía Xunta de Escola de Minas nese ano. Só se pode emitir e aprobar o informe favorable solicitado polo profesor D. Gustavo Peláez Lourido.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o informe favorable sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios de docencia.

14. Aprobación, se procede, da modificación na normativa de TFG para os graos impartidos na EE de Minas e Enerxía.

Propóñense os seguintes cambios na normativa de TFG (Anexo VI)

1. O/A coordinador/a de grao aprobará o título do TFG e posteriormente a Comisión Permanente ratificarao e aprobará os tribunais
2. Poderá formar parte do tribunal de defensa de TFGs calquera docente que dirixa un TFG nese curso ou no anterior
3. O/A titor/a deberá que subir un informe (xunto co informe de valoración) xerado polo programa antiplaxio. Os membros do tribunal terán acceso a ese informe e poderán telo en conta de cara a súa valoración.

Ábrese un debate sobre a porcentaxe de colisión que pode chegar a presentar un TFG nun informe antiplaxio. O profesor D. Fernando García Bastante sinala que os informes técnicos en enxeñaría son necesariamente similares. O subdirector D. David Patiño Vilas procede a explicar como funciona o programa antiplaxio e como é o informe xerado, indicando que sempre que a porcentaxe de colisión dun TFG sexa xustificable non habería ningún problema para a súa presentación e defensa.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a modificación na normativa de TFG para os graos impartidos na EE de Minas e Enerxía.

15. Aprobación, se procede, do Informe de Revisión pola Dirección.

A documentación relativa a este punto (Anexo VII) foi enviada por correo electrónico previamente á celebración da presente Xunta de Escola. Este informe é resultado do traballo conxunto dos membros da Comisión de Garantía Interna de Calidade e foi aprobado pola CGIC na súa reunión celebrada o 27 de febreiro de 2017.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o Informe de Revisión pola Dirección.

16. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da EE de Minas e Enerxía.

Enviouse por correo electrónico a documentación (Anexo VII) relativa aos seguintes informes:

- Informe de coordinación do Mestrado en Enxeñaría de Minas relativo ao curso 2016-17. Este informe é resultado do traballo conxunto da coordinadora do título, a coordinadora dos cursos, a profesora-titora que participa no Plan de Acción Titorial e a Comisión Académica do Mestrado.
- Informe de responsables académicos Este informe foi enviado pola Área de Calidade da UVigo e recolle os resultados acadados polo profesorado que se presentou á avaliación, voluntaria e quinquenal, Docencia.

Ambos documentos foron aprobados pola CGIC na súa reunión celebrada o 27 de febreiro de 2017.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a documentación relativa ao Plan de Calidade da EE de Minas e Enerxía.

17. Rogos e preguntas.

Non se producen intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 45 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a vinte e oito de febreiro de dous mil dezaioito.

Vº e Prace
A Directora

A Secretaria

Natalia Caparrini Marín

Ángeles Saavedra González



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 28/02/2018



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 28/02/2018

Profesorado	
1.	Alejano Monge, Leandro
2.	Alonso Prieto, Elena
3.	Araújo Fernández, María
4.	Arzúa Touriño, Javier
5.	Caparrini Marín, Natalia
6.	Domínguez Santiago, Ángeles
7.	García Bastante, Fernando
8.	Giráldez Pérez, Eduardo
9.	González Jorge, Higinio
10.	González Rodríguez, Elena
11.	Liz Marzán, Eduardo
12.	Mandado Vázquez, Alfonso
13.	Patiño Vilas, David
14.	Pérez Pérez, M ^a Carmen
15.	Pérez Rey, Ignacio
16.	Rivas Brea, Teresa
17.	Saavedra González, Ángeles
18.	Taboada Castro, Javier
19.	Vijande López, Javier
ESTUDANTES	
20.	Antonio Fontán, Nuria
21.	Casal Barreiro, Alejandro
22.	Domínguez Blanco, Santiago
23.	Elías Liñares, Óscar
24.	Filgueira Sánchez, Carmen
25.	Govea Lemes, Jonatan
26.	Millara Crispín, Miguel
27.	Muiño Argüelles, Miguel
28.	Rico Fuentes, Juan Jesús
29.	Rodríguez Méndez, Yelco
PAS	
30.	Romo Pérez, M ^a del Carmen

Desculpan a súa ausencia: Lino J. Álvarez Vázquez e Marta Cabeza Simó

Faise constar que detectouse un erro administrativo polo cal o profesor Daniel Villanueva Torres non foi convocado para esta sesión.

ANEXO III

Proposta de límite de prazas

- **Grao en Enxeñaría da Enerxía**
- **Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos**

ANEXO IV

Documentación relativa á PDA da EE de Minas e Enerxía

- Informe de PDA para o Grao en Enxeñaría da Enerxía 2018-19
- Informe de PDA para o Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos 2018-19
- Escrito do Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio
- Escrito do Departamento de Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente
 - Lista priorizada de departamentos para á PDA do curso 2018-19
 - Informe de PDA para o Mestrado en Enxeñaría de Minas 2018-19
- Informe de PDA para o Mestrado en Xeoinformática 2018-19 e reparto da bolsa de horas da UVigo

ANEXO V

Memoria económica

- Memoria económica e liquidación de presuposto do 2017
 - Orzamento para 2018



ANEXO VI

Proposta de regulamento de TFG

ANEXO VII

Documentación relativa ao Plan de Calidade da EE de Minas e Enerxía

- **R01-DE03P1 Informe de revisión pola dirección**
- **Informe de coordinación do Mestrado en Enxeñaría de Minas relativo ao curso 2016-17**
- **R2-PE02P1 Informe de responsables académicos**